



SERVIZO DE INFORMACIÓN GANDEIRA DA IXP TERNERA GALLEGA

Login

GAL

ES

RESUMO MERCADOS

MERCADOS CANAL

MERCADOS RECRÍA

MERCADOS ALIMENTACIÓN

IXP TERNERA GALLEGA

MÁIS INFORMACIÓN



MEMORIA FINAL DO GRUPO OPERATIVO DE DIXITALIZACIÓN DA CADEA DE VALOR DA IXP TERNERA GALLEGA (GO DIXITEGA)

Contidos

1.	Introdución.	3
2.	Estrutura de Traballo e metodoloxía.	3
O proxecto estruturouse en 4 actividades principais e dúas transversais, a de Xestión de coordinación (A0) e a de Comunicación e divulgación (A5).		
3.	Entidades Participantes e reparto de responsabilidades.	7
4.	Resultados Obtidos.	9
4.1	Resultados Principais.	10
4.1.1	Desenvolvemento da Plataforma Dixitega.com	10
4.1.2	Formación en tecnoloxía a gandeiros.	13
4.2	Comunicación e difusión do proxecto.	15
4.2.1	Notas de prensa publicadas:	16
4.2.2	Clipping do Grupo Operativo Dixitega.	16
4.2.3	Xornada final de peche do proxecto presentación de resultados.	18
4.2.4	Outras accións de difusión do proxecto.	19
4.3	Entregables e informes realizados.	20
5.	Comparación con Expectativas Iniciais.	22
5.1	Comparativa dos resultados finais co plan inicial.	22
5.2	Avaliación dos logros en relación coas expectativas.	22
6.	Aplicabilidade ao Sector Produtivo. Beneficios para o Sector	22
6.1	Como a plataforma e as actividades realizadas contribúen á mellora do sector produtivo rural galego.	22
6.2	Aplicación práctica dos resultados.	23
6.3	Posibles desenvolvementos futuros ou aplicacións adicionais.	23
7.	ODSs aos que atende o proxecto.	23
8.	Conclusión.	24
9.	Referencias bibliográficas.	24

1. Introducción.

A dixitalización das cadeas de valor nos distintos sectores agrarios é unha tendencia en crecente aceleración, impulsada pola pandemia. Aínda así, o sector agrícola continúa sendo un dos menos dixitalizados, e a dixitalización da cadea de valor das producións cárnicas en Galicia constitúe unha das principais necesidades nos próximos anos. Entre as principais barreiras detectadas para a transformación dixital do sector destacan o pequeno tamaño e os baixos marxes das unidades produtivas e da industria cárnica galega, que dificultan os investimentos necesarios; a dificultade de acceso a datos públicos e privados; a escaseza de datos de calidade; a falta de interoperabilidade dos datos; e a dificultade das empresas tecnolóxicas para conectarse cun sector altamente atomizado.

Este grupo operativo proporciona solucións prácticas e innovadoras para superar as principais barreiras vinculadas á dixitalización do sector agroalimentario e, en particular, da cadea de valor da IXP Ternera Gallega. O obxectivo é fomentar a competitividade, a produtividade e a viabilidade do sector, en liña coa Asociación Europea de Innovación (AEI) en materia de sustentabilidade e produtividade agraria.

A actividade central consiste no desenvolvemento dunha plataforma que integre distintas fontes de datos relevantes para os axentes da cadea de valor da IXP Ternera Gallega nun único aplicativo. Isto promove a interoperabilidade entre estas fontes de datos e permite a súa explotación tanto polos axentes da cadea como polas administracións públicas competentes. Este proxecto marca o inicio da creación dun ecosistema dixital aberto e transparente no sector cárnico galego, onde os datos e os servizos están dispoñibles e poden ser compartidos nun ambiente de confianza, en consonancia co “espazo común europeo de datos”. A súa implementación inclúe un proceso formativo para capacitar o sector na adopción e no mellor aproveitamento da plataforma e das novas tecnoloxías en xeral.

2. Estrutura de Traballo e metodoloxía.

O proxecto estruturouse en 4 actividades principais e dúas transversais, a de Xestión coordinación (A0) e a de Comunicación e divulgación (A5).

a) Actividade 0: Xestión e Coordinación do Proxecto

A Fundación Juana de Vega (FJDV) xestionou economicamente o proxecto e coordinou as actividades, informes e comunicación entre membros, organizando reunións regulares (mensuais), tanto presenciais como online. En total tiveron lugar 16 reunións de coordinación por medios telemáticos.

De cada unha das reunións existe unha presentación e un acta cos acordos e conclusións.

b) Actividade 1: Mapeo e Análise das Fontes de Datos

O CETECA identifica e caracteriza as fontes de datos existentes mediante entrevistas e investigación documental. A FJDV, CRIXP Carne de Vacún de Galicia e Agrigga Carne colaboran

proporcionando información sobre fontes de datos relevantes. Gradient lidera a análise técnica para avaliar a viabilidade da integración e crear unha listaxe priorizada de fontes de datos, considerando o custo e as posibilidades de acordos sobre o intercambio de datos.

Fontes fixas, con moito interese entre os entrevistados	Acceso	Custo	Recuencia	Tipo de información
Mercado Nacional de Santiago de Compostela	Sen restricións	Gratis	Semanal	Mesa de prezos
Lorxa Agropecuaria de Binéfar	Unha semana anterior	De Pago	Semanal	Prezo vacún e cereais
Mercado Rexional de Vacún de Salamanca	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezo vacún e cereais
Fontes probables	Acceso	Custo	Recuencia	Tipo de información
MAPA. Informe semanal de conxuntura	Sen restricións	Gratis	Semanal	Productos agrícolas e gandeiros
Mercado Nacional de Pola de Siero	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezo vacún
Meat Market Observatory – Beef and Veal (European Commission)	Con restricións	-	Semanal	Prezos agrícolas
Directorate-General for Agriculture and Rural Development (European Commission)	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezos agrícolas
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA): prezos de pensos	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezos de pensos
European Commission: agriculture and rural development	Sen restricións	Gratis	Semanal/anual	Prezos e producións cereais
Lorxa de Toledo	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezos de pensos e cereais
Lorxa de León	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezos de pensos e cereais
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA): prezos medios nacionais	Sen restricións	Gratis	Semanal	Productos agrarios
Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA): Censo Razas	Sen restricións	Gratis	Anual	Censo de razas
Xenética Fontao	Sen restricións	Gratis	-	Datos xenéticos das razas
Fontes pouco probables	Acceso	Custo	Recuencia	Tipo de información
Mercado Cárnico Gandeiro e Avícola de Barcelona	Afiliado	De Pago	Semanal	Prezo vacún
Agriculture and Horticulture Development Board (AHDB)	Sen restricións	Gratis	Semanal	Datos a nivel Reino Unido
Lorxa de Albacete	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezos de cereais
Lorxa de Sevilla	Sen restricións	Gratis	Semanal	Prezos de cereais
Lorxa de Vic	Con restricións	20€/ano	Semanal	Prezos de cereais e gando
Fontes a maiores que poden ser de interese:	Acceso	Custo	Recuencia	Tipo de información
Mercalleirda	Con restricións	De Pago	Semanal	Prezos cereais e vacún
Aplicación Kamut	Con restricións	De Pago	Semanal	Prezos de cereais

Valoración das fontes a consultar

Fíxose aí mesmo unha preselección de datos entres as diferentes fontes e unha proposta de homoxeneización dos mesmos.

Os entregable E1 (Mapa de bases de datos) e E2 (Documento de análise técnica das bases de datos) recollen as principais achegas desta actividade.

c) Actividade 2: Análise das Necesidades de Información.

A FJDV organizou un proceso participativo que incluía mesas de traballo, cuestionarios dixitais e entrevistas con axentes clave.

Tal e como se detalla no anexo F, non se conseguiu a participación mínima para leva a cabo as mesas de traballo e o análise de necesidades elaborouse mediante entrevistas e enquisa electrónica.


Realizáronse oito entrevistas a axentes da cadea onde se inclúen produtores, fabricantes de pensos, industria cárnica, distribución e entidades de asesoramento.

Para a recompilación da información seguiuuse un cuestionario común que serviu como guión para encamiñar a entrevista e no que se abordaron as preferencias dos entrevistados en relación a:


- Datos necesarios e relevantes. Temáticas
- Interese de contar con fontes internacionais.
- Frecuencia de actualización.
- Formatos de presentación.
- Modo de acceso á información preferido.

- Valoración da necesidade da plataforma.
- Outras propostas e intereses.

A enquisa on-line foi cuberta por 34 participantes dos diferentes elos da cadea de valor da IXP Ternera Galega. A entrevista constou de 15 preguntas que abordaron os mesmos temas que os tratados na enquisa.



Datos necesarios para o éxito no sector cárnico



Valoración do 1 ó 5 das temáticas propostas

Os resultados permitiron elaborar un documento (entregable E3: Informe de necesidades do sector) que define o alcance da plataforma, incluíndo visualizacións de información prioritarias e áreas de formación e elaborar unha lista de achados chave:

Datos Críticos para o Éxito: As categorías esenciais de datos identificadas inclúen prezos de materias primas para a produción de alimentos, prezos de gando en diversos mercados e datos de consumo do consumidor.

Demanda de Información: Un interese común entre os actores é o desenvolvemento dun sistema predictivo para estimar a subministración de carne/animais no mercado para os meses seguintes.

Temas Significativos: Aínda que os datos relacionados cos prezos, como os custos dos insumos e as cotizacións dos animais, son primordiais, outros temas notables inclúen a saúde animal, oportunidades de capacitación, prezos de distribución de carne e a nutrición de tenreiros.

Fontes de Información Principais: As fontes principais de referencia son a táboa de prezos de Ternera Gallega, os mercados de Binéfar e Mercolleida.

Referencias Internacionais: Aínda que a maioría dos actores non consultan fontes internacionais actualmente, recoñecen a súa importancia para o sector en xeral.

Avaliación da Plataforma: Os entrevistados teñen unha opinión maiormente positiva sobre a creación da plataforma, cunha opinión dividida sobre unha posible plataforma de pago con máis información.

Frecuencia de Actualización de Datos: Os actores requiren diferentes actualizacións de datos en intervalos variados, desde actualizacións semanais dos prezos do gando e os custos dos cereais ata actualizacións mensuais dos prezos de diferentes cortes de carne.

Formato de Presentación de Datos: Os enquisados prefiren unha combinación de táboas e gráficos que mostren as tendencias dos datos de maneira gráfica.

Acceso á Información: O medio preferido para acceder á información é a través dunha aplicación web/móbil.

Propostas Notables: Os entrevistados suxiren promover actividades de capacitación a través da aplicación, utilízala como medio de difusión de eventos, facer seguimento a un prezo estándar de alimentos para referencia e proporcionar información sobre a clasificación da carne, comparacións de prezos, subvencións e alertas de saúde.

d) Actividade 3: Creación da Plataforma de Datos Interoperable

Baseándose nas actividades anteriores, GRADIANT deseñou e implementou unha versión beta da plataforma web ou aplicativo. Realizou o teste inicial con datos sintéticos e, posteriormente, con datasets reais seleccionados, involucrando os axentes da cadea de valor para probar as funcionalidades.

Os detalles da plataforma deseñada, descríbense no apartado 4.1.

Os documentos E4 (Descrición técnica da plataforma), E4.1 (Manual de usuario) e E5 (Informe de validación da plataforma) son os entregables de esta actividade.

e) Actividade 4: Empoderamento dos Axentes.

O CRIXP Carne de Vacún de Galicia coordinou a identificación dos axentes chave a convidar para participar nas xornadas formativas. A FJDV organizou as xornadas que constaron dunha parte de

formación-información sobre conceptos básicos de dixitalización, sobre ferramentas on-line dispoñibles para o sector e unha fase demostrativa para ensinar o uso da plataforma dixitega.

As xornadas incluíron sesións en distintos puntos xeográficos de Galicia (nas zonas de maior concentración de produtores vinculados a IXP Carnes de Vacún de Galicia) e buscaron fomentar o intercambio de coñecementos entre participantes.

A proposta do colaborador DIH DATAlife, incluíronse varias sesións de formación cos alumnos dos últimos cursos de formación profesional das ramas agrarias do CFEA de Sergude en Boqueixón e da EFA Fonteboa en Coristanco. Este alumnos constitúen o groso das novas xeracións e a remuda xeracional dos produtores primarios Galegos.

Nas sesións fíxose a presentación do GO DIXITEGA ademais de falar da importancia dos datos, os requirimentos futuros ou de aplicativos dixitais interesantes para a xestión eficiente das explotacións agropecuarias.

O informa do desenvolvemento das accións recolleuse no entregable E7: Informe final das xornadas formativas.

f) Actividade 5: Comunicación e Divulgación

O consorcio asumiu as actividades de comunicación do proxecto detalladas na proposta: deseño da imaxe gráfica, creación de dous folletos e material gráfico, elaboración de notas de prensa vinculadas aos fitos principais, publicación da información do proxecto nas páxinas e redes sociais dos parceiros (#dixitega), vídeo resumo e xornada de presentación de resultados.

No apartado 4.2 deste documento, detállanse os materiais promocionais desenvolvidos e o impacto das accións de comunicación levadas a cabo.

Esta actividade xerou os entregables E8 (Identidade gráfica); E9 (dous folletos); E10 (vídeo final) e E11 (Informe sobre o evento final).

3. Entidades Participantes e reparto de responsabilidades.

Fundación Juana de Vega (FJDV).

- Actividade 0: Xestión e Coordinación do Proxecto
 - Xestionou a parte administrativa do proxecto.
 - Coordinou as reunións entre socios.
 - Elaborou informes e memorias finais.
- Actividade 2: Análise das Necesidades de Información
 - Coordinou o proceso participativo para recoller información sobre as necesidades dos axentes.
 - Redactou o documento que analiza as necesidades identificadas e guía o deseño da plataforma.

- Actividade 4: Empoderamento dos Axentes para o Uso das Novas Tecnoloxías
 - Coordinou a identificación dos participantes para as xornadas formativas.
 - Organizou as xornadas formativas e informativas.
- Actividade 5: Comunicación e Divulgación
 - Participou na comunicación e divulgación dos resultados, segundo o plan establecido.

CETECA.

- Actividade 1: Mapeo e Análise das Bases de Datos
 - T1.1: Identificou e caracterizou as bases de datos existentes en colaboración con FJDV, CRIXP e Agrigga Carne.
- Actividade 2: Análise das Necesidades de Información
 - Participou no proceso participativo para recoller información sobre as necesidades do sector.
- Actividade 4: Empoderamento dos Axentes para o Uso das Novas Tecnoloxías
 - Contribuíu á identificación dos participantes para as xornadas formativas.

CRIXP Carne de Vacún de Galicia.

- Actividade 1: Mapeo e Análise das Bases de Datos
 - Contribuíu na identificación e caracterización das bases de datos existentes con CETECA e Agrigga Carne.
- Actividade 2: Análise das Necesidades de Información
 - Participou no proceso participativo para recoller información sobre as necesidades do sector.
- Actividade 4: Empoderamento dos Axentes para o Uso das Novas Tecnoloxías
 - Coordinou a identificación dos participantes para as xornadas formativas.
 - Participou na organización das xornadas formativas.
- Actividade 5: Comunicación e Divulgación
 - Liderou a comunicación e divulgación dos resultados do proxecto.

Agrigga Carne.


- Actividade 1: Mapeo e Análise das Bases de Datos

- Contribúe na identificación e caracterización das bases de datos existentes con CETECA e CRIXP.
- Actividade 2: Análise das Necesidades de Información
 - Participou no proceso participativo para recoller información sobre as necesidades do sector.

Gradient.

- Actividade 1: Mapeo e Análise das Bases de Datos
 - T1.2: Liderou a análise técnica para avaliar a viabilidade da integración das fontes de datos.
- Actividade 3: Creación da Plataforma de Datos Interoperable
 - T3.1: Deseñou e desenvolveu a arquitectura do sistema de comunicación.
 - T3.2: Deseñou e implementou os sistemas de toma de información.
 - T3.3: Desenvolveu os sistemas de almacenamento e interfaces de usuario.
 - T3.4: Coordinou a integración e validación da solución mediante un piloto coa participación de CRIXP.

Os colaboradores CIAM e Acruga participaron na fase de detección de necesidades e de validación da plataforma. CIAM contribuíu con información para a sección de I+D+i e Publicacións.



SERVIZO DE INFORMACIÓN GANDEIRA DA IXP TERNERA GALLEGA

RESUMO MERCADOS MERCADOS CANAL MERCADOS RECRÍA MERCADOS ALIMENTACIÓN IXP TERNERA GALLEGA MÁIS INFORMACIÓN

I+D+i - Publicacións internacionais

MEAT QUALITY OF VEAL: DISCRIMINATORY ABILITY OF WEANING STATUS
Pateiro, M., Lorenzo, J. M., Díaz, S., Cende, J. A., Fernández, M., Gonzalez, J., ... & Franco, D. (2013). Meat quality of veal: discriminatory ability of weaning status. Spanish Journal of Agricultural Research, 11(4), 1044-1056. [IR](#)

SENSORY AND PHYSICOCHEMICAL ANALYSIS OF MEAT FROM BOVINE BREEDS IN DIFFERENT LIVESTOCK PRODUCTION SYSTEMS, PRE-SLAUGHTER HANDLING CONDITIONS, AND AGEING TIME
López-Pedrouso, M., Rodríguez-Vázquez, R., Purriños, L., Oliván, M., García-Torres, S., Sentandreu, M. A., ... & Franco, D. (2020). Sensory and physicochemical analysis of meat from bovine breeds in different livestock production systems, pre-slaughter handling conditions, and ageing time. Foods, 9(2), 176. [IR](#)

INFLUENCE OF PRODUCTION SYSTEM AND FINISHING FEEDING ON MEAT QUALITY OF RUBIA GALLEGA CALVES.
Vázquez, R. R., Moure, M. P., Pedrouso, M. D. L., Gende, A., Campo, S. C., Serrano, M. P., ... & Chico, D. (2020). Influence of production system and finishing feeding on meat quality of Rubia Gallega calves. Spanish journal of agricultural research, 18(3), 4. [IR](#)

Sección de información complementaria de Dixitega.com

Pola súa banda, o DIH DATAlife participou activamente nas reunións de coordinación durante todo o proxecto, e participou en todas as accións de información e formación desenvolvidas cos gandeiros e nos centros de formación.

4. Resultados Obtidos.

4.1 Resultados Principais.

4.1.1 Desenvolvemento da Plataforma Dixitega.com

O obxectivo principal foi o desenvolvemento da plataforma [Dixitega.com](https://dixitega.com), a plataforma DIXITEGA permite aos usuarios da IXP Ternera Gallega visualizar, a través dun portal web, información detallada sobre os diferentes mercados que ofrecen datos de relevancia para o sector. A plataforma encárgase de capturar datos de cotizacións de diferentes mercados semana a semana.

Unha vez capturados no formato de cada orixe, os transforma e unifica nun formato común consultable e explotable.

Tal a captura e estandarización dos datos, a plataforma realiza análises de forma automática para reflexar a evolución dos mesmos e incorpora un servizo de predicción dos valores futuros nos diferentes mercados, que só se encontrará visible para os usuarios rexistrados na plataforma.

A información preséntase organizada en varias seccións:

- Resumo: Páxina principal cos valores máis actualizados.



Producto	Valor medio actual	Variación	Comentarios
Bovino macho II	5.33	2.01%	Subida respecto a la anterior semana
Bovino macho IJ	5.63	0.48%	Valor constante en las últimas semanas
Bovino femia II	5.38	2.31%	Subida respecto a la anterior semana
Bovino femia IJ	5.64	0.42%	Valor constante en las últimas semanas

Entrada da plataforma dixitega.com

- Vistas de mercados: Conxunto de tres seccións onde se amosan os prezos para varios mercados relevantes, entre eles:

Mercados de canal: Incluindo información de lonxas como Santiago, Binéfar ou Salamanca e mercados nacionais como os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación(MAPA) e do Meat Market Observatory.

Mercados de recría: Incluindo información de mercados como Santiago ou Silleda.

Mercados de alimentación: Incluindo información para diferentes produtos alimenticios como cebada, millo ou trigo entre outros e os seus respectivos prezos en diferentes mercados.



Mercados de alimentación

- Información sobre IXP Ternera Gallega: Incluye información sobre la cotización de las diferentes tipologías de animales, la cantidad de animales disponibles, la evolución de los nacimientos, bajas y sacrificios en la IXP Ternera Gallega.



Información cotizaciones IXP

- Información adicional de interés: Incluye información que pueden ser de interés para el usuario respecto a normativas, ayudas, subvenciones e información acerca de las razas entre otros.

dixitega

77 años de experiencia

SERVIZO DE INFORMACIÓN GANDEIRA DA IXP TERNERA GALLEGA

RESUMO MERCADOS

MERCADOS CANAL

MERCADOS RECRÍA

MERCADOS ALIMENTACIÓN

IXP TERNERA GALLEGA

MAÍS INFORMACIÓN

Login

GAL

INFORMACION ADICIONAL

NORMATIVAS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A páxina da CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL ten un apartado con toda a información referente a lexislación aplicable no campo da gandería. Esta información é actual e inclúe información tanto a nivel comunitario, como estatal e autonómica

IR

AXUDAS E SUBVENCIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Apartado específico de axudas e subvencións que incluso dispón dun buscador para facilitar a procura de información

IR

INFORMACIÓN SOBRE RAZAS

CATÁLOGO DE SEMENTAÍS DE ACRUGA - 2024

IR

Páxina de información complementaria

Os datos actualízanse a medida que se actualizan as diferentes fontes de maneira continua.

A páxina contempla a posibilidade de que os usuarios se rexistren, e así poder acceder as predicións de prezos e cotización.

dixitega

77 años de experiencia

SERVIZO DE INFORMACIÓN GANDEIRA DA IXP TERNERA GALLEGA

RESUMO MERCADOS

MERCADOS CANAL

MERCADOS RECRÍA

MERCADOS ALIMENTACIÓN

IXP TERNERA GALLEGA

MAÍS INFORMACIÓN

Logout

GAL

ES

dixitega

SERVIZO DE INFORMACIÓN GANDEIRA DA IXP TERNERA GALLEGA



RESUMEN MERCADOS CANAL (€/KG. CANAL) 30/09/2024

Producto	Valor medio actual	Variación	Predicción a 7 días	Comentarios
Bovino macho R	5.65	6.1%	5.3	Subida respecto a la anterior semana
Bovino macho U	5.8	3.02%	5.65	Máximo histórico registrado
Bovino femia R	5.74	6.69%	5.32	Subida respecto a la anterior semana
Bovino femia U	5.86	3.9%	5.7	Máximo histórico registrado

RESUMEN MERCADOS RECRÍA (€/CABEZA) 30/09/2024

Producto	Valor medio actual	Variación	Predicción a 7 días	Comentarios
----------	--------------------	-----------	---------------------	-------------

Prediccions a 7 días

O rexistro é sinxelo e gratuito.

O aplicativo ten versión en galego e en castelán, e está optimizado para a visualización en dispositivos móbiles.

12

SERVICIO DE INFORMACIÓN GANADERA DE LA IGP TERNERA GALLEGA



RESUMEN MERCADOS
CANAL (€/KG. CANAL) 17/06/2024

PRODUCTO	Bovino macho R
VALOR MEDIO ACTUAL	5.215
VARIACIÓN	0.12
PREDICCIÓN A 7 DÍAS	5.34
COMENTARIOS	Subida respecto a la anterior semana

Visualización en dispositivo mobil

4.1.2 Formación en tecnoloxía a gandeiros.

As xornadas de formación e información sobre dixitalización do sector tiveron como obxectivo principal o presentar a plataforma DIXITEGA aos axentes do sector, explicando o seu funcionamento e todas as vantaxes e utilidades que ofrece.

Ademais, estas xornadas foron unha oportunidade para avanzar na dixitalización dos axentes, ao expoñer outras ferramentas xa existentes e dispoñibles de maneira gratuíta como Conta carne ou o servizos do DIH DATAlife.

Dedicadas ao empoderamento dos axentes, as xornadas constarón de cinco sesións espalladas pola xeografía galega, cun total de 108 asistentes, na súa maioría produtores. as sesións realizáronse en Lugo (33 asistentes), Becerreá (36 asistentes), Vilalba (12 asistentes), A Gudiña (10 asistentes) e Santiago de Compostela (17 asistentes).

Nas sesións fíxose a presentación do GO DIXITEGA ademais de falar da importancia dos datos, os requirimentos futuros ou de aplicativos dixitais interesantes para a xestión eficiente das explotacións agropecuarias.



Cartel de promoción das xornadas

Ademais das sesións con produtores e axentes da cadea de valor da IXP Ternera Gallega, programáronse varias sesións de formación cos alumnos dos últimos cursos de formación profesional das ramas agrarias do CFEA de Sergude en Boqueixón e da EFA Fonteboa en Coristanco.

En cada centro leváronse a cabo dúas sesións, una primeira sesión de 1 hora de duración de carácter introdutorio de acercamento á dixitalización e a Dixitega e unha segunda sesión formativa práctica de dúas horas na que se fixo a demostración da ferramenta AGRICOLUS.



Presentación DHI DATAlife

Os promotores da ferramenta ofreceron aos centros o acceso libre á ferramenta para que poda ser empregada como material didáctico polos centros.

En total contou coa participación de 78 alumnos/as da EFA Fonteboa e 97 alumnos/as do CFEA de Sergude dos ciclos medio de Producción agropecuaria, Aproveitamento e conservación do medio natural e do Ciclo Superior de Gandaría e asistencia en sanidade animal



1ª sesión na EFA Fonteboa-Coristanco



1ª sesión no CFEA de Sergude

4.2 Comunicación e difusión do proxecto.

Ademais do vídeo resumo dos resultados, dous folletos inicial e final do proxecto, un cartel e un roll-up, elaboráronse diversas publicacións en redes sociais ao longo da vida do proxecto e notas de prensa nos fitos máis importantes do proxecto.



4.2.1 Notas de prensa publicadas:

- NP1.-Presentación do GO. 07-11-2022.
- NP2.- Inicio do proceso participativo. 20-07/2023.
- NP3.- Resultados do proceso de participación. 29-09-2023.
- NP4.- Formación en EFA Fonteboa primeira sesión. 23-01-2024.
- NP5.- Formación en CFEA Sergude primeira sesión. 01-02-2024.
- NP6.- Formación en CFEA Sergude segunda sesión. 02-04-2024.
- NP7.- Participación na EUCAP Network Conference en Estoril. 06-05-2024.
- NP8.- Xornada de peche do proxecto.24-9-2024.

4.2.2 Clipping do Grupo Operativo Dixitega.

- <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/somosagro/ganaderia/2023/09/29/ternera-gallegaquiére-plataforma-digitalizar-informacion/00031695996090296428357.htm>

- https://www.linkedin.com/posts/vayavaca_dixitega-el-proyecto-para-digitalizar-la-activity-7092764461228290048-aoAf?utm_source=share&utm_medium=member_desktop
- <https://codigocero.com/DIXITEGA-comeza-este-outono-a-creacion-e-testeo-dunha-plataforma-ao-servizo-da>
- <https://mercadovacuno.com/tag/fundacion-juana-de-vega/>
- <https://www.campogalego.es/el-proyecto-de-digitalizacion-de-la-cadena-de-la-igp-ternera-gallega-llega-al-alumnado-de-la-efa-fonteboa-y-al-cfea-de-sergude/>
- https://www.lavozdegalia.es/noticia/carballo/2024/01/24/jornada-sobre-digitalizacion-fonteboa/0003_202401C24C3995.htm
- <https://www.diariodebergantinos.com/articulo/coristanco/efa-fonteboa-acogera-proyecto-sobre-digitalizacion-cadena-valor-4691666>
- <https://innova.campogalego.gal/ganderia/o-grupo-operativo-dixitega-dixitalizara-a-cadena-de-valor-da-ixp-ternera-gallega-na-efa-sergude.html>
- <https://www.campogalego.es/el-proyecto-de-digitalizacion-de-la-cadena-de-la-igp-ternera-gallega-llega-al-alumnado-de-la-efa-fonteboa-y-al-cfea-de-sergude/>
- <https://eurocarne.com/noticias/codigo/62456/kw/El+Grupo+Operativo+Dixitega+presenta+la+futura%0Aplataforma+TIC+de+la+I.G.P.+Ternera%0AGallega>
- <https://www.interempresas.net/Ganadero/Articulos/561611-El-Grupo-Operativo-Dixitega-presenta-la-futura-plataforma-TIC-de-la-IGP-Ternera-Gallega.html>
- <https://innova.campogalego.gal/ganderia/a-futura-plataforma-tic-da-ixp-ternera-gallega-chega-a-conferencia-da-red-pac-da-ue-en-estoril.html>
- <https://innova.campogalego.gal/es/ganaderia-es/la-futura-plataforma-tic-de-la-igp-ternera-gallega-llega-a-la-conferencia-de-la-red-pac-de-la-ue-en-estoril.html>
- <https://codigocero.com/GO-DIXITEGA-presenta-ante-o-ecosistema-innovador-da-UE-a-futura-plataforma-da>
- <https://www.campogalego.es/dixitega-espacio-digital-para-la-actualidad-de-la-igp-ternera-gallega/>
- <https://www.lavozdegalia.es/noticia/somosagro/ganaderia/2024/09/25/nace-dixitega-herramienta-mejorar-competitividad-granjas-ternera-gallega/00031727267824697889828.htm>
- <https://eurocarne.com/noticias/codigo/63996/kw/El+grupo+operativo+Dixitega%26nbsp%3Bcomienza+a%0Adigitalizar+la+cadena+de+valor+de+Ternera+Gallega>
- <https://laalacenaroja.com/la-digitalizacion-ayuda-a-la-igp-ternera-gallega-a-ganar-competitividad-en-el-mercado/>
- <https://www.indisa.es/al-dia/plataforma-tic-dixitega-com-contribuye-digitalizacion-cadena-ixp>
- <https://www.lavozdeasturias.es/temas/ternera-gallega/>

Os socios foros publicando nas súas web e redes, información do proxecto durante toda a duración do mesmo:

Publicacións do CRIXP Carnes de Vacún de Galicia:

- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2627>
- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2744>

- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2745>
- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2751>
- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2765>
- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2679>
- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2698>
- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2723>
- <https://www.terneragallega.com/noticias.html?n=2734>

Publicacións da Fundación Juana de Vega:

<https://juanadevega.org/proxectos/grupo-operativo-dixitega-dixitalizacion-da-cadea-de-valor-da-ixp-ternera-galega/>

Publicacións do CETECA:

- <https://outlook.office.com/mail/safelink.html?url=https://ceteca.net/el-consorcio-del-grupo-operativo-dixitega-acerca-al-cfea-de-sergude-el-proyecto-para-digitalizar-la-cadena-de-valor-de-la-igp-ternera-gallega/&corid=066213a9-bafa-3cf0-015f-de53439f69a9>
- <https://www.facebook.com/ceteca>
- <https://ceteca.net/el-consorcio-del-grupo-operativo-dixitega-acerca-al-cfea-de-sergude-el-proyecto-para-digitalizar-la-cadena-de-valor-de-la-igp-ternera-gallega/>

Publicacións do DIH DATAlife:

- [https://mailchi.mp/8a0a4428d307/octubre22-17367728?e=\[UNIQID\]](https://mailchi.mp/8a0a4428d307/octubre22-17367728?e=[UNIQID])
- <https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7170743454644199424/>
- https://twitter.com/DATALife_DIH/status/1764977774031151334?s=20
- https://www.instagram.com/stories/dih_datalife/
- <https://www.dihdatalife.com/category/actualidad/noticias/>
- https://twitter.com/DATALife_DIH/status/1764977774031151334
- <https://www.dihdatalife.com/acercamos-la-digitalizacion-a-los-mas-jovenes-dixitega/>
- <https://www.dihdatalife.com/webinar-digitalizacion-industria-carnica-digital-innovation-hubs/>

4.2.3 Xornada final de peche do proxecto presentación de resultados.

A xornada final de presentación de resultado do GO DIXITEGA tivo lugar o día 24 de setembro na sede da do CRIXP Carne de Vacún de Galicia en Santiago de Compostela.

Na xornada participaron as 7 das 8 entidades participantes no proxecto entre socios e colaboradores.



Cartel das xornadas

Ademais da presentación do proxecto e os seus resultados, contouse coa intervención de María Teresa Ambrós, subdirectora xeral de Innovación e Dixitalización do MAPA, destacou no seu relatorio a importancia da recollida de datos na produción agraria e o seu uso no MAPA.

Orlando Vázquez, xefe de servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais centrou o seu relatorio na aplicación da Lei da Cadea Alimentaria en Galicia.



Presentación de Mª Teresa Ambrós (MAPA)

4.2.4 Outras accións de difusión do proxecto.

A nivel de promoción do proxecto é importante destacar dous fitos importantes:

Participación no EU CAP Network Conference 'EIP-AGRI Operational Groups: Innovation in practice' . 6 ao 8 de maio do 2024 . Estoril- Portugal

O GO Dixitega foi seleccionado para a sección de pósters na área de exhibición e para participar nos diferente grupos de traballo.



Stand na Network Conference EIP-AGRI

Selección para representar a España nos premios Agriculture and Rural Inspiration Awards (ARIA) 2024.

Dixitega foi seleccionado xunto, na categoría Smart & competitive agriculture, con outros 7 proxectos españois financiados por FEADER.

Esta convocatoria pretende, entre outros obxectivos, o de incrementar a visibilidade do sector agroindustrial e as áreas rurais da UE.

Esta previsto que durante o outono se comuniquen o resultado final.



Publicación dos proxectos seleccionados para os premios AIRA 2024 na web da Red PAC

4.3 Entregables e informes realizados.

Realizáronse os once entregables previstos do proxecto:

E1: Mapa de bases de datos. (M4).

E2: Documento de análise técnica das bases de datos. (M7).

E3: Informe necesidades do sector. (M10).

E4: Descrición técnica da plataforma.(M24).

E4.1: Manual de usuario. (M24).

E5: Informe de validación da plataforma. (M24).

E6: Listaxe de axentes relevantes. (M16).

E7: Informe final sobre as xornadas formativas. (M23).

E8: Identidade gráfica do proxecto. (M2).

E9: Folletos (M2, M25)

Folleto inicial plurilingue(Galego, Castelán e Inglés) , so en versión on-line descargable desde:
<https://juanadevega.org/proxectos/grupo-operativo-dixitega-dixitalizacion-da-cadea-de-valor-da-ixp-ternera-galega/>

Folleto final (Galego): impreso e con información práctica de como acceder á plataforma
www.dixitega.com



Folleto final

E10: Vídeo final (M24)

O vídeo final poder visualizarse desde a páxina web da Fundación Juana de Vega na ligazón:
<https://juanadevega.org/proxectos/grupo-operativo-dixitega-dixitalizacion-da-cadea-de-valor-da-ixp-ternera-galega/>

E11: Informe sobre o evento final (M25)

Todos os entregables están a disposición da Consellería do medio Rural na ligazón:
https://juanadevega-my.sharepoint.com/:f/g/personal/elopez_juanadevega_org/Ek6e5U7yqERFngYGLslcfSsBjbP00dJiE6mPUqZdQnKsQw?e=AEqzXw

5. Comparación con Expectativas Iniciais.

5.1 Comparativa dos resultados finais co plan inicial.

O proxecto desenvolveuse de acordo con Plan inicial, con pequenos cambios e retrasos no cronograma pero todos os obxectivos do proxecto foron conseguidos.

5.2 Avaliación dos logros en relación coas expectativas.

O proxecto cumpriu as expectativas iniciais en canto a conseguir unha maior dixitalización da cadea de valor da IXP Terreira Gallega.

6. Aplicabilidade ao Sector Produtivo. Beneficios para o Sector

6.1 Como a plataforma e as actividades realizadas contribúen á mellora do sector produtivo rural galego.

- Mellora da toma de decisións: a plataforma dixitega.com permite aos axentes do sector cárnico de vacún en Galicia tomar decisións baseadas en datos detallados e actualizados aplica un enfoque baseado en datos para a optimización dos procesos de produción.
- Optimización de procesos e recursos: a plataforma facilita a identificación de tendencias e patróns no mercado, o que permite aos axentes anticipar cambios e adaptar os seus procesos de produción en consecuencia. isto pode conducir a unha mellor xestión dos recursos e unha redución dos custos operativos.
- Aumento da competitividade: a dispoñibilidade de información relevante permite aos axentes do sector mellorar a seus resultados económicos e a súa competitividade no sector.
- Fomento da innovación e transferencia de tecnoloxía: a implementación e uso de dixitega.com pode servir de modelo para outros sectores agroalimentarios ou rexións. a transferencia de tecnoloxía e experiencia a outros sectores ou á outras áreas xeográficas pode facilitar a adopción de solucións similares en outros contextos.
- Sustentabilidade a longo prazo: o custo de mantemento baixo e a responsabilidade dos servizos informáticos do consello regulador das IXPs de carne de vacún de Galicia garante a sustentabilidade da plataforma a longo prazo sen requirir recursos adicionais significativo

6.2 Aplicación práctica dos resultados.

Os resultados vanse aplicar na práctica ao converterse o portal Dixitega.com na plataforma de contacto entre o Consello Regulador de Carnes de Vacún de Galicia e os inscritos nas denominacións de calidade de vacún de carne de Galicia.

6.3 Posibles desenvolvementos futuros ou aplicacións adicionais.

A partir da plataforma dixitega.com, poden xurdir varios proxectos interesantes que ampliarían as seus funcionalidades e aportarían maiores beneficios ao sector. algunhas posibilidades inclúen:

- Rede de granxas típicas de Ternera Gallega: este proxecto xa foi aprobado na última convocatoria de grupos operativos e consiste na creación dunha rede de granxas que permitirá coñecer en detalle os custos de produción dos produtores de Ternera Gallega. a información recollida será incorporada a dixitega.com, ofrecendo datos adicionais sobre os custos de produción e facilitando a toma de decisións baseada en análises detalladas.
- Plataforma de análise de calidade: desenvolver unha ferramenta específica dentro de dixitega.com que permita avaliar e comparar a calidade da Ternera Gallega baseada en criterios estandarizados. Isto podería axudar a mellorar a calidade e a competitividade dos produtos no mercado.
- Ferramenta de simulación económica: crear unha Ferramenta que permita aos produtores simular diferentes escenarios económicos baseados en datos históricos e tendencias actuais. isto faría que os produtores poderán realizar previsións e planificación estratéxica máis eficaz.
- Intercambio de coñecemento entre produtores: desenvolver unha sección dentro de dixitega.com que fomente a interacción entre produtores, permitindo o intercambio de mellores practicas, experiencias e recomendacións.
- Estes proxectos poderían ampliar as capacidades de dixitega.com, facilitando aos axentes do sector maiores e mellores recursos para a xestión e a toma de decisións.

7. ODSs aos que atende o proxecto

Enumeración e descrición dos ODS que o proxecto aborda e contribúe a resolver.

ODS 2: Fame cero. A plataforma contribúe á sustentabilidade e competitividade do sector agroalimentario, mellorando a produtividade da cadea de valor da IXP Ternera

Gallega. Ao facilitar o acceso a datos e a optimización dos procesos, promove unha produción máis eficiente e segura de alimentos de calidade.

ODS 8: Traballo decente e crecemento económico. A través da dixitalización do sector cárnico, promóvese un entorno de traballo máis eficiente e tecnolóxico, fomentando a creación de emprego de calidade e o crecemento económico nas zonas rurais.

ODS 9: Industria, innovación e infraestrutura. A creación dunha plataforma dixital innovadora e a interoperabilidade entre distintas fontes de datos impulsa a modernización da infraestrutura tecnolóxica no sector agroalimentario. Isto reforza a capacidade de innovación das empresas do sector.

ODS 12: Produción e consumo responsables. Ao integrar información detallada sobre os custos e procesos de produción, o proxecto facilita unha xestión máis eficiente dos recursos, contribuíndo a unha produción máis sostible e responsable.

ODS 17: Alianzas para acadar os obxectivos. A colaboración entre múltiples entidades, tanto públicas como privadas, fomenta o intercambio de coñecementos e o fortalecemento das capacidades do sector, asegurando a consecución dos obxectivos comúns.



8. Conclusión.

O proxecto DIXITEGA acadou avances significativos na dixitalización do sector cárnico de vacún en Galicia. A plataforma desenvolvida non só facilita a toma de decisións baseada en datos precisos e actualizados, senón que tamén empodera aos produtores locais, mellorando a súa competitividade e promovendo un uso máis sostible dos recursos. Ademais, contribuíu ao fortalecemento da infraestrutura tecnolóxica e sentou as bases para futuros desenvolvementos innovadores. Estes logros están en plena consonancia cos ODS 2030, posicionando a DIXITEGA como un modelo de referencia na dixitalización das cadeas de valor agroalimentarias.

9. Referencias bibliográficas.

- [Alliance for internet of things innovation - aioti \(2022\). role of iot in addressing the agroecological focus of the green deal.](#)
- [Coordinadora de organizaciones de agricultores y ganaderos - coag \(2018\). la transformación digital del sector agrario español.](#)

- [Comisión Europea \(2019\). Comunicación de la comisión al parlamento europeo, al consejo europeo, al consejo, al comité económico y social europeo y al comité de las regiones. el pacto verde europeo \(com/2019/640 final\).](#)
- [Comisión Europea \(2020a\). Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Configurar el futuro digital de europa \(com/2020/67 final\).](#)
- [Comisión Europea \(2020b\). Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. Estrategia “de la granja a la mesa” para un sistema alimentario justo, saludable y respetuoso con el medio ambiente \(com/2020/381 final\).](#)
- [Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación \(2019\). Estrategia de digitalización del sector agroalimentario y forestal y del medio rural.](#)
- [Red Rural Nacional \(2019\). Grupo focal sobre digitalización y big data en los sectores agroalimentario y forestal y el medio rural. Ideas para una aproximación estratégica a la digitalización del sector. ministerio de agricultura, pesca y alimentación.](#)
- [Mapa y Cajamar Caja Rural \(2023\). Observatorio para la Digitalización del Sector Agroalimentario. Análisis del estado actual de digitalización del sector agroalimentario español.](#)